

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST) E FIXACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO (PROBA DE TIPO PRÁCTICA) DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DE DÚAS (2) PRAZAS DE PEÓN/A DE LIMPEZA VIARIA QUE FIGURAN COMO VACANTES NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE FENE E FORON INCLUÍDAS, EN QUENDA LIBRE, NA OEP 2022 (BOP NÚM. 244 DO 27.12.2022) E NA OEP 2023 (BOP NÚM. 245 DO 27.12.2023)

Expediente: 2025/E001/000006; 2025/G003/001227; 2025/G003/001372

Fanse públicos os acordos adoptados polo tribunal do proceso de selección para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, de dúas (2) prazas de peón/a de limpeza viaria que figuran como vacantes no cadro de persoal do Concello de Fene e foron incluídas na OEP 2022 (BOP núm. 244 do 27.12.2022) e na OEP 2023 (BOP núm. 245 do 27.12.2023), en sesión 18.12.2025.

O tribunal procede ao estudo e contestación das alegacións presentadas, recolléndose o que segue na acta da sesión:

O 12.12.2025 Nuria González Pérez presenta escrito con número de rexistro de entrada 202599900003759 formulando a seguinte alegación:

"Expone: En relación al proceso selectivo de dos plazas de peón/a de limpieza viaria, en el segundo ejercicio (examen tipo test). Tener mal contabilizadas las preguntas del test y la anulación de la pregunta 49 o dar por válida la respuesta b.

Solicita: -Volver a contabilizar las preguntas del test, ya que deben ser 33 correctas en vez de 31 y 6 en blanco en vez de 8.

-Solicito la anulación de la pregunta 49 o dar por válida la respuesta b. Porque la carga y duración del trabajo (a) y los movimientos repetitivos (c) son factores directamente relacionados con la actividad laboral y las condiciones físicas laborales vinculados al cambio climático. El estilo de vida (b) es un factor personal y no una condición intrínseca de la actividad de limpieza al aire libre."

En relación á contabilización das preguntas, procédese á revisión do exercicio tipo test con código FENE2025LIMP130 e resultando incorrecto o alegado desestimase na súa integridade.

Respeto á pregunta número 49 que motiva a alegación é a que segue: *"As características e condicións de traballo das persoas que realizan actividades de limpeza, varrido e labores afíns ao aire libre fanas especialmente vulnerables ao cambio climático. Cal do seguintes non é un factor que inflúe nos resultados dos riscos vinculados a esta actividade?"*

O tribunal propoñía na proba tres posibles respostas, das que unicamente unha era correcta. Neste caso a resposta correcta proposta polo tribunal é a *"c) Movements repetitivos"*, sendo as outras *"a) Carga e duración do traballo"* e *"b) Estilo de vida"*.

A persoa alegante considera que a resposta correcta é a *"b) Estilo de vida"*, indicando que das tres respostas é a única non directamente relacionada coa actividade laboral e as condicións físicas laborais.

Ante o exposto pola persoa alegante, debemos indicar:

A pregunta era clara e facía referencia aos factores que influían nos riscos vinculados a actividade laboral da limpeza viaria e os efectos do cambio climático.

Neste sentido, o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (en adiante INSST) organismo científico-técnico dependente do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España, ten posto especial atención nos últimos anos a aquelas actividades laborais afectadas polas consecuencias do cambio climático. Produto desta especial atención, se ten identificado a limpeza viaria e desempeños laborais similares, como unha das profesións máis afectadas por este fenómeno, elaborando diferentes estudos e guías para mitigar os riscos que del se derivaran para as traballadoras e traballadores.

Unha destas publicacións é a recente *"Ocupaciones más vulnerables al cambio climático en España en actividades a la intemperie: Trabajadores/as cualificados/as en actividades de limpieza, barrido y*

labores afines - CNO 944". O estudo indica nun dos seus apartados, dedicado precisamente aos factores que inflúen no resultado do risco, o seguinte:

*"A continuación, se muestran los factores que pueden influir en los resultados de los riesgos a los que se encuentran expuestas las personas que trabajan en actividades de limpieza, barrido y labores afines. Edad. Carga y duración del trabajo. Clima de seguridad laboral y EPI. Accesibilidad al tratamiento del calor y condiciones ambientales. **Estilo de vida** (...)."*

A referida publicación indica identifica estes factores de vida da seguinte maneira *"Determinados hábitos como el consumo de alcohol y el tabaquismo pueden agravar los efectos del calor al interferir con la termorregulación y aumentar la deshidratación. Además, estos hábitos están asociados con una mayor prevalencia de enfermedades respiratorias y otros problemas de salud"*.

Ademais do exposto, a orientación da prevención de riscos laborais debe ter en conta factores considerados tradicionalmente alleos á actividade laboral mais que teñen un impacto real no agravamento dos riscos que del derivan. O INSST ou o organismo autonómico análogo, o ISSGA, introduciron nos últimos anos campañas de concienciación sobre factores de risco tradicionalmente considerados alleos á actividade laboral. Moitas destas campañas se refiren a factores relacionados coa vida e hábitos privados das persoas traballadoras, como pode ser o caso do tabaquismo.

A alegación, polo tanto, desestímase.

O 16.12.2025 Nuria Fernández Sandino presenta escrito con número de rexistro de entrada 202599900003797 formulando a seguinte alegación:

"Expone: A la atención del tribunal encargado del proceso selectivo para la cobertura, en turno libre y mediante personal funcionario de carrera, de dos plazas de Peón/a de Limpieza Viaria, celebrada el pasado 4 de diciembre.

Solicita: En la pregunta número 24: ¿Qué procedimiento debe seguirse al realizar el barrido asistido en superficies rugosas

(como hormigón o cemento no liso) para minimizar la dispersión del polvo ambiental?.

En el cuadro de respuestas se da como válida la respuesta b): Realizar el barrido con escobones adecuados (de

mijo o cerdas plásticas), empleando serrín humedecido o arena aceitosa para atrapar el polvo, evitando su

proyección al ambiente.

SOLICITO:

Impugnar la pregunta número 24 por los siguientes motivos:

La normativa actual desaconseja el uso de serrín para limpieza, especialmente en entornos laborales y educativos, debido a los riesgos para la salud (cancerígeno, alérgeno) y riesgos de incendio/explosión, recomendando en su lugar, limpiezas húmedas o por aspiración, controlando la exposición al polvo de madera mediante el Real Decreto 374/2001 y normativa específica, priorizando la prevención y la sustitución por alternativas más seguras."

En relación coa alegación presentada respecto da pregunta núm. 24, relativa ao procedemento de barrido asistido en superficies rugosas para minimizar a dispersión do po ambiental, este Tribunal procede a emitir a seguinte resposta motivada:

A pregunta núm. 24 ten por obxecto avaliar o coñecemento dun procedemento operativo concreto de limpeza, coñecido como barrido asistido, aplicado a superficies rugosas como o formigón ou o cemento non liso, co fin de minimizar a dispersión do po ambiental durante a operación de barrido.

Trátase dunha cuestión de carácter técnico e práctico, centrada na execución correcta dunha técnica de limpeza, e non dunha avaliación global dos riscos laborais nin das medidas integrais de prevención aplicables a un posto de traballo concreto.

A opción considerada correcta polo Tribunal é a opción b):

"Realizar o barrido con escobóns adecuados (de moxo ou cerdas plásticas), empregando serrín humedecido ou area aceitosa para atrapar o po, evitando a súa proxección ao ambiente."

Esta resposta é correcta porque describe o procedemento clásico de barrido asistido, amplamente recollido en manuais e prácticas operativas de limpeza, consistente na utilización de materiais captadores (serrín humedecido ou area aceitosa) que permiten reter mecanicamente as partículas de

po, evitando que se levanten en suspensión durante o barrido, especialmente en superficies irregulares onde o barrido en seco resulta ineficaz.

Do análise das opcións incorrectas conclúese o seguinte:

- Opción a): O uso de escobas de cerdas metálicas con movementos rápidos favorece a proxección do po ao ambiente, xerando nubes de partículas en suspensión, o que contradí directamente o obxectivo da pregunta, que é minimizar a dispersión do po.
- Opción c): A humectación directa do chan con auga non forma parte do procedemento específico de barrido asistido, pode resultar pouco práctica en superficies rugosas e pode xerar riscos adicionais (chan mollado ou esvaradío). Ademais, esta opción non describe unha técnica de captura do po, senón unha simple molladura da superficie.

É certo que o po de madeira constitúe un risco para a saúde cando se xera e se inhala en ambientes laborais, e que a normativa vixente —en particular o Real Decreto 374/2001, así como a Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais— obriga á identificación, avaliación e control destes riscos.

Non obstante, a pregunta non pretende promover o uso do serrín como método preferente nin exclusivo en todos os contextos, nin substitúe a obriga de realizar unha avaliación de riscos específica en cada contorno laboral. O seu contido límitase á descrición dun procedemento técnico tradicional de barrido asistido, no que o serrín humedecido ou a area aceitosa se empregan como medios físicos de captura de po, co obxectivo de evitar a súa dispersión durante a limpeza.

A normativa de prevención de riscos laborais non prohibe de forma xeral o uso destes métodos, senón que esixe que calquera técnica empregada sexa avaliada e adaptada ás condicións concretas do posto de traballo, o que queda fóra do ámbito desta pregunta.

Á vista do exposto, este Tribunal considera que:

- A pregunta núm. 24 está correctamente formulada dentro do seu ámbito técnico.
- A opción b) describe adecuadamente o procedemento de barrido asistido orientado á minimización da dispersión do po en superficies rugosas.
- A alegación formulada, baseada na normativa xeral de prevención de riscos laborais e nos riscos asociados ao po de madeira, non invalida a pregunta nin a resposta correcta, ao non ser este o obxecto da mesma.

A alegación, polo tanto, desestímase.

Á vista do que acontece, o tribunal acordou:

PRIMEIRO.- Desestimar na súa integridade as alegacións presentadas por Nuria González Pérez e Nuria Fernández Sandino conforme ao fundamentado neste acordo.

SEGUNDO.- O tribunal acorda, conforme á cláusula oitava das bases reguladoras do proceso de selección, a realización do terceiro exercicio da fase de oposición -proba de tipo práctico- para as persoas aspirantes que teñan superado o segundo exercicio na **nave municipal de San Marcos o día 15 de xaneiro de 2026 as 09:30 horas.**

Estrada de San Marcos a Magalofes (DP-3503), 15509 Fene, A Coruña
Coordenadas: 43.46169262680661, -8.130996891493055
Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/orcEh4yxr6ejsV3o8>

En Fene, asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Laura Couto Vilches.